



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

NOTA INFORMATIVA

Ante as numerosas queixas veciñais e a actitude incívica dalgúns/as propietarios/as de animais no referente as deposicións dos mesmos na vía pública, xardíns, parques infantis, zonas de ocio ou incluso instalacións deportivas, recordamos a veciñanza a obriga de recollelos e limpar inmediatamente a zona afectada, incluíndo farolas maceteiros, portais de vivendas ou de locais comerciais, (artigo 11, REGULAMENTO DE MEDIO AMBIENTE, DE LIMPEZA PÚBLICA E RECOLLIDA DO LIXO do CONCELLO DE NEGREIRA).

- Os animais deben percorrer a vía pública e outros espazos, atados e con bozal si é o caso, dependendo da normativa ó respecto.
- A identificación do animal mediante microchip é obrigatoria nos primeiros tres meses de vida ou un mes despois da súa adquisición.
- O propietario/a ten a obriga de ter sempre a disposición todo o material necesario para a recollida das deposicións, incluída auga para limpar a zona usada.
- A exposición á veciñanza de ditos excrementos, pode xerar un risco para a saúde, polo que compre evitalo.
- As infraccións leves, como neste caso, poderán ser sancionadas con apercibimento e multa de ata 750 euros.

Polo tanto apelamos unha vez máis a colaboración da veciñanza para manter un pobo limpo, tendo así unha mellor convivencia en Negreira. **Para iso comezaremos cunha campaña de control e vixilancia por parte da Policía Local nos vindeiros días.**

Negreira, 18 de febreiro de 2022

Atentamente,

O alcalde



Manuel Ángel Leis Míguez